

TEMA 3. - COMENTARIO DA BASÍLICA DE SANTA SOFÍA DE CONSTANTINOPLA


a.- Identificación: título, autor, cronoloxía, cultura, estilo, movemento: Basílica de Santa Sofía de Constantinopla. Edificio relixioso da arquitectura bizantina.. Primeira Idade de Ouro. Mandato de Xustiniano. Século VI. Coñecemos os nomes dos arquitectos pola grande fama que acadou a construción: trátase de Antemio de Tralles e de Isidoro de Mileto. Localízase en Constantinopla [actual Istambul: Turquía], capital do Imperio Bizantino. Materiais: pedra, mármore, ladrillo, mosaicos.

c.- Analiza e comenta a obra: a Basílica de Santa Sofía é a obra cumio da arte bizantina e, sen dúbida, unha das máis importantes construcións da historia da arquitectura. Foi mandada construír por Xustiniano en honor da Sabedoría Divina. Non era unha basílica para o pobo senón a grande basílica do Emperador [estaba unida ao Palacio Imperial por medio de corredores] e constitúe o símbolo perfecto do seu poder absoluto: o pobo asistía ás fastosas cerimoniais situándose nas naves laterais.

É salientable indicar que os turcos, trala toma de Constantinopla, converteron Santa Sofía en mesquita: no interior taparon as pinturas e mosaicos e engadiron os escudos, no exterior construíron catro grandes alminares ou minaretos [torres das mesquitas desde as que se chama á oración] e fixeron uns contrafortes máis grandes e macizos. En 1935 foi convertida en museo.

Santa Sofía presenta un forte influxo das basílicas paleocristiás: ao igual que estas, estaba precedida polo atrio en cuxo centro se situaba a fonte das ablucións [para lavarse antes de entrar na basílica] e por unha nave transversal chamada nártice ou nártex que estaba reservada aos neófitos ou catecúmenos [os que se estaban iniciando na relixión cristiá].

- A **planta** é mixta: basilical e central. É basilical [recollida da arquitectura paleocristiá que, a súa vez, a recolleran dos romanos] pola súa forma rectangular, a división en tres naves lonxitudinais e a ábsida coa que remata a nave central; é central pola forma de cruz grega. A ábsida está precedida por un presbiterio cadrado. Santa Sofía presenta un grande desenvolvemento da nave central, moi ancha con respecto ás laterais, que quedan reducidas a simples corredores. A nave central ten forma ovalada imprimíndolle unha forte sensación de dinamismo; a importancia desta nave acentúase



porque presenta no seu centro unha enorme cúpula semiesférica sobre pendentes. Nos pés [entrada] e na cabeceira da nave central aparecen dúas semicúpulas [novidade arquitectónica]: na dos pés ábrese dúas exedras semicirculares e na da cabeceira ábrese tres pequenos espazos semicirculares: o central, máis profundo, é a ábsida, os outros dous son exedras.

- **Exteriormente** presenta un aspecto macizo, pobre e sen decoración: este é un influxo da arquitectura paleocristiá que identificaba o exterior co mundo material, impuro



[influxo paleocristián]. Por influxo romano, a cúpula non destaca no exterior.

- No **interior** aparece un segundo piso que percorre toda a construción: chámase tribuna e recolleuse dalgunhas basílicas paleocristiás. Empréganse arcos de medio punto e toda a basílica presenta cubertas curvas coas que se conquista totalmente o espazo interno e se consegue unha grande sensación de amplitude e dinamismo:


cúpula, semicúpulas, cúpulas de cuarto de esfera e bóvedas de arestas nas naves laterais e na tribuna.

Os soportes utilizados son os piares [moi altos e resistentes] e columnas de orde corintia, aínda que as máis abundantes son unhas columnas novas de aspecto moi decorativo: o capitel ten forma troncopiramidal¹ invertida e está



¹ Pirámide sen o vértice superior

deco-
rado
con
follas
de



acanto en baixo relevo [sen proxectarse cara a fóra] e perforado co trépano [obxecto que permite facer ocros pequenos]; nalgunhas destas columnas, enriba do capi-

tel, aparece o cimacio que pode ser liso ou estar decorado; a súa finalidade é acentuar a verticalidade.

O elemento máis destacado de Santa Sofía é a **cúpula** semiesférica coa que se conquista totalmente o espazo interno. É a primeira cúpula de enormes dimensións [31 m. de diámetro e 55 de altura] que se levanta sobre catro pendentes polo que só se apoia sobre catro puntos. Para que a cúpula fose lixeira e resultase barata utilizaron o ladrillo e pezas ocas de cerámica. Está levantada sobre un tambor no que se abren multitude de ventás que alixeiran o peso e iluminan o interior. A cúpula exerce presións verticais [cara a abaixo] e laterais, polo que había que descargar o seu peso de forma eficaz. As presións verticais son contrarrestadas polas catro pendentes que conducen o peso a catro grosos e enormes piares que o levan ao chan. As presións laterais son contrarrestadas polas dúas semicúpulas que levan o peso cara ás cúpulas de cuarto de esfera, que o descargan sobre os muros e estes lévano ao chan; estas presións laterais tamén son contrarrestadas polas bóvedas da tribuna que levan o peso aos muros e estes condúceno ao chan. Exteriormente, os catro grandes contrafortes axudan a contrarrestar o peso da cúpula e a levalo ao chan.

A cúpula de Santa Sofía convértese na grande protagonista da construción e abre un novo capítulo na historia da arquitectura: centraliza totalmente o espazo, convértese nun elemento vivo pois aporta dinamismo e produce sensación de ingravidez [semella estar suspendida no aire], adquire ademais un sentido simbólico: a perfección e o poder de Deus e dos seus representantes na Terra: Emperador [sobre todo] e Igrexa.

A luminosidade interior de Santa Sofía é sorprendente: esta luz procede das ventás do tambor, das ventás das semicúpulas e das cúpulas de cuarto de esfera e das dos muros laterais da nave central.

O interior de Santa Sofía estaba decorado de forma rica e luxosa con mármore, mosaicos e pintura, contrastando vivamente coa sobriedade do exterior. Esta decoración simboliza o mundo inmaterial e puro [a alma], como na arte paleocristiá, pero na arte bizantina é tamén o símbolo do poder do Emperador, representante de Deus na Terra.